



Un dos reclamos de Cee de cara ao turismo é o acolledor **pobo de Lires**, unha minúscula villa tradicional que se sitúa na Ría de Lires, a ría máis pequena de Galicia, que forma o límite natural entre os municipios de **Cee e Muxía**.

A **Praia de Lires**, próxima ao espectacular areal de Nemiña, salvaxe, illada e tranquila, é un dos puntos máis bonitos do Camiño dos Faros, un roteiro de 200 km que percorre parte da Costa da Morte desde Malpica a Muxía e que transcorre pegada ao mar.

En Lires atópase un dos aloxamentos rurais mellor valorados da Costa da Morte: as **Cabanas de Lires**, perfectas para desconectar uns días da rutina.

## Noticias

### Oleiros inaugura a biblioteca ambiental situada no Pazo de Lóngora

O Concello de Oleiros inaugurou a **biblioteca e centro de documentación ambiental** creado nas antigas cuadras do Pazo de Lóngora.

O nuevo espazo cultural público conta con **máis de 27.000 recursos bibliográficos** sobre **educación ambiental e medio ambiente** que xa están ao dispor de estudantes, investigadores e cidadáns interesados na materia. A creación do fondo bibliográfico tivo os seus inicios na década dos 80 na Casa da Xuventude ata o incremento posterior de libros coa adquisición do Castelo de Santa Cruz e a constitución do Ceida.

Máis Info

### Os colectores de Humana recuperan 1.451 t de téxtil usado en Galicia para darlles unha segunda vida

A recollida selectiva de téxtil por parte de Humana Fundación Pobo para Pobo aumentou un 3% en Galicia en 2021. Así se desprende do balance realizado pola entidade, que o ano pasado recuperou máis de 1.451 toneladas de téxtil usado para darlles unha segunda vida fronte ás 1.406 do exercicio anterior, o que se traduce nun **incremento do 3,2%**.

O **residuo téxtil (roupa, calzado, complementos e téxtil de fogar)** depositase nos colectores situados na vía pública, grazas a acordos con concellos, entidades e empresas privadas.

Máis Info

## A sustentabilidade é moito máis que coidar a contorna

É importante destacar que **sostible non só debe aplicarse a unha acción ou un produto que non dana ao medio ambiente**, senón que as súas implicacións son moito máis amplas posto que abarcan non só o presente, senón tamén as consecuencias que os actos que realicemos hoxe poidan ter no futuro.

A **sustentabilidade** é o acto de desenvolver unha necesidade presente e actual, sen comprometer a capacidade que terán as xeracións futuras para desenvolver as súas propias necesidades. **Debe garantir-se un equilibrio** entre a protección del medio ambiente, o crecemento económico e o benestar social, o que dá lugar a tres subtipos diferentes.

Máis Info

## Electrificación, clave para mellorar a calidade do aire

O Foro para a Electrificación subliñou a importancia da **eliminación dos combustibles fósiles como o gasóleo e gas** nos sistemas de **calefacción dos fogares**, así como dos **vehículos**, para mellorar a calidade do aire e cumprir cos niveis marcados pola OMS. Para iso, é necesario o impulso de políticas públicas e a evolución dos consumos e rutinas da poboación.

A **transición de vehículos de combustión interna a aqueles electrificados** está a ser apoiada por programas como o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), que quere descarbonizar as cidades e mellorar a calidade do aire, ou o Plan Moves II, que ofrece axudas á compra de vehículos eléctricos e do cal xa se esgotou un 64%. Segundo un **informe** da Alianza Europea de Saúde Pública, o **tratamento das enfermidades** derivadas da **contaminación atmosférica** provocada polo **tráfico** ten un custo para o Estado español de **máis de 3.600 millóns de euros anuais**.

Máis Info

## Ecoloxistas esixen medidas concretas para frear o declive dos insectos

**Reducir** o uso de biocidas, **fomentar** a gandería extensiva e prácticas agrarias que favorezan aos polinizadores, son algunhas das **propostas** recollidas nun estudo publicado por Ecoloxistas en Acción e a Asociación Española de Entomología para **frear o declive dos insectos**.

**Os insectos**, que colonizaron “todos os continentes” son **“bioindicadores da calidade dos ecosistemas”** porque “son moi sensibles aos cambios ambientais e constitúen a base da dieta de moitas especies”, explicou Concepción Ornos, profesora de Biodiversidade, Ecoloxía e Evolución.

O vicepresidente da Asociación Española de Entomología, José María Hernández, destacou que “moitas poboacións viven en **contornas urbanas e periurbanas**, polo que a acción de concellos e particulares é moi efectiva”.

Hernández propuxo **“priorizar os corredores verdes sobre os plans urbanísticos de cemento e asfalto”** ademais de **“escoller mellor o momento no que poder as plantas silvestres”** que brotan nas cidades.

Máis Info

## Sabías que...

A fauna do arquipélago das **Illas Cies** conta con **dous integrantes máis**. Trátase de dous exemplares de **polbo**, un **eclosionado** en **catividade** e **outro salvaxe**, que foron liberados no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia (PNIAG) con emissores acústicos para a súa localización baixo a auga. Grazas a estes, o Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) e a través do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) seguirá o **comportamento e movementos** dos espécimes.

# Mestura informativa

## RECEITA ECOLÓXICA: Salsa pesto

Esta salsa non se cociña, **prepárase en cru**, o que a fai un alimento especialmente fresco e natural, que á súa vez hai que conservar ben para que non perda as súas exquisitas propiedades culinarias.

**Ingredientes:** 25 gramos de albahaca fresca, aproximadamente 2 cuncas cheas, 2 dentes de allo medianos, ¼ de cunca de aceite de oliva, un puñado de piñóns amendoas ó nozes, ¼ de cunca de queixo parmesano (si usas tamén pecorino, substitúe a metade por este), un chisco de sal.

Máis Info

## A ostra que podería axudar a recuperar o mar Menor

O **impacto da actividade humana no mar Menor** foi varias veces protagonista en todos os medios de comunicación nos últimos anos. Uno dos episodios máis recentes sucedeu o pasado verán, cando o **Goberno murciano tivo que retirar 4,5 toneladas de peces que morreran por mor da falta de osíxeno na auga**. Ou o que é o mesmo, o exceso de nutrientes derivado dos fertilizantes usados na agricultura e que acaban na lagoa, favorecendo a **proliferación de algas e fitoplancto**.

A **ostra plana** ten capacidade de filtración porque se alimenta de microalgas que provocan a eutrofización. Con todo, a súa poboación no mar Menor viuse reducida por mor da chegada de especies invasoras.

Por eso, o IEO (Instituto Español de Oceanografía) dirixe o **proxecto Remedios** para promover a **restauración** desta especie na lagoa.

Máis info

## A contaminación con plásticos afecta xa ao 88% das especies mariñas

Un **88% das especies mariñas** están afectadas pola grave **contaminación con plásticos** que sofren os océanos e moitas delas xa teñen estes materiais no seu organismo, incluídos animais amplamente consumidos polo ser humano, segundo un estudo presentado pola organización conservacionista **WWF**.

Entre as **especies mariñas** da nosa cadea alimentaria nas que se detectou plástico no organismo destacan mariscos como o **mexillón azul ou as ostras**, mentres que a quinta parte das marcas de sardiñas enlatadas conteñen esas partículas, advirte WWF.

Máis Info

## Que é a própole e como nos axuda a estar mellor?

Gústanche as **abellas**? Pois a partir de agora vanche a gustar moito máis porque elas son as **provedoras da própole ou propóleo**, un ingrediente natural que conta con multitude de usos e beneficios para o organismo e que se usa para elaborar solucións bio para moitos problemas respiratorios e víricos.

Imaxina unha comunidade de persoas e todas traballando unidas para construír, coidar e protexer a casa onde viven. Pois así é como actúan as abellas e como colleitan das árbores (salgueiro, piñeiro, abeto) e fabrican a própole ou propóleo, unha **mestura de cera, cortiza e saliva** que lles serve para protexer e illar a súa colmea. Grazas ás **propiedades antibacterianas, antiinflamatorias e analgésicas** do propóleo podemos usalo como remedio natural para para previr e axudar a curar catarros, arrefriados e gripes.

Máis Info

# Boas Prácticas

## Vitoria-Gasteiz planta cara as pintadas vandálicas cun operativo especial

Vitoria-Gasteiz, como case calquera cidade do mundo **sofre** en maior ou menor medida o **problema** que supoñen **as pintadas vandálicas** tanto ensuciando a estética urbana como trasladando un custo en limpeza e reparacións a comunidades veciñais ou á propia administración.

Deseñouse unha **estratexia** que permite **poñer "nome e apelidos"** a todas **as pintadas** e así poder pedir responsabilidades. Está deseñada e executada por un complexo operativo liderado polo servizo de Planificación e Xestión Ambiental, que conta co asesoramento e investigación da Policía Local, peritos crimínólogos, grafísticos e caligráficos, avogados e técnicos de distintos departamentos ou servizos municipais.

Máis info

## A cidade da Coruña conta con 62 novos vehículos de limpeza, pioneiros e de tecnoloxía avanzada

A nova frota de vehículos dos servizos de limpeza da cidade, está formada por **62 unidades**, dúas delas **pioneiras a nivel nacional**.

Esta maquinaria está dotada "cunhas das tecnoloxías máis avanzadas de todo o estado canto a limpeza viaria refírese", **menos contaminante e máis respectuosa co medio ambiente**. O **87%** da nova frota son **vehículos eléctricos ou de gas comprimido** que reducen a pegada ambiental e a contaminación acústica.

Máis Info

## Monfragüe (Cáceres) conta con dous roteiros senderistas adaptadas para persoas con discapacidade visual

A Reserva da Biosfera de Monfragüe, tamén declarado Parque Nacional, conta xa con **dous roteiros senderistas** que foron adaptadas a persoas con discapacidade visual a través dunha tecnoloxía de alta calidade con realidade acústica aumentada, a través do **proxecto Monfragüe Accesible**.

Monfragüe Accesible é un proxecto que ten como **obxectivo** converter este espazo natural nunha contorna incluso para persoas con discapacidade visual, grazas á utilización de tecnoloxía de alta calidade que permite sinalizar un itinerario no medio aberto con **sistemas de navegación GPS de alta precisión**.

Máis Info

## Axenda Ambiental

- ✚ **Conferencia Cambio Climático e Estado de Dereito**. Bentham House (Facultade de Dereito da UCL), Londres, do 31 de marzo ao 1 de abril de 2022.
- ✚ **V Xornada de Moda Sostible**. Museo do Traxe, Madrid, do 22 ao 24 de abril de 2022.
- ✚ **XI Congreso Nacional de Avaliación de Impacto Ambiental**. Cáceres, 23, 24 e 25 de marzo de 2022.

Ver Boletíns anteriores

Deputación da Coruña  
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente  
Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)